




# RÍO BARBANTIÑO

Club de Montaña O Carroucho

20 de Outubro de 2012

**I**niciamos o noso percorrido en Barbantes, na estrada que vai de Ourense a Pontevedra, deseguido collemos unha pista descendente que nos leva á marxe dereita do río Barbantiño polo que seguimos ata chegar a unha ponte que cruzamos, e abandonamos o río por unha corredeira primeiro e por estrada despois.

Chegamos a O Paleiro, na parroquia de Arrabaldo. O seguinte tramo vai entre bosque por corredeiras primeiro e por pistas despois ata acadar de novo o río pola súa marxe esquerda, xa preto do Viñao. Confluímos na estrada que conduce a Amoeiro.



Cruzámola e pasamos baixo a autovía deixando á dereita un dos enormes piares que a sustentan e un pouco máis adiante atopamos unha piscifactoría abandonada e o edificio dunha central eléctrica.


O sendeiro sobe un pouco ata acadar a canle que surtía de auga as piscinas da piscifactoría, cruzámola e xirando á dereita abandonamos o río. Subindo chegamos de novo á estrada que leva a Amoeiro onde, a poucos metros, collemos unha pista ascendente que nos permite ter unha panorámica en altura do río. Continuando pola pista e xa descendendo chegamos a un dos lugares máis interesantes do percorrido: a ferverza do Barbantiño que podemos ver desde a pasarela e mellor no inverno que no verán debido ao maior caudal do río.

Cruzamos a pasarela e pasamos á marxe dereita por onde, ascendendo, accedemos á área de descanso dos

*Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte*

## Datos Básicos



Comezo: Barbantes
Remate: Punxín
Distancia lineal: 18 km.
Duración aproximada: 6 horas
Dificultade: Baixa-Media
Altura máxima: 346 m
Altura mínima: 84 m
Acumul.: ↗631 m / ↘605 m



Cabalos. Seguindo chegamos á presa do Barbantiño onde tomamos un camiño de formigón que nos leva á aldea de San Fiz. Iniciamos a baixada polos restos do camiño real que comunicaba con Castela e que conduce á ponte medieval de San Fiz (datada a súa construción entre os séculos XIII e XIV). Contemplada esta, pola esquerda do río, atravesamos o túnel que pasa baixo a vía férrea. Superada a minicentral, camiñamos envoltidos pola extraordinaria paisaxe das bocarribeiras.

Un camiño de cazadores condúcenos ao cachón, á beleza impetuosa da impresionante ferverza do Barbantiño. Envoltidos polo verde frondoso da vexetación, que xermola das propias augas do río, descendemos pola marxe dereita ata a ponte do Viñao, que cruzamos pasando á marxe esquerda, pon onde continuamos atopando unha zona de muíños, un deles de dobre moa e outro pegado dunha moa.

Camiñando chegamos á área recreativa do Bañiño, onde xermolan próximas ás augas sulfurosas que, con unha temperatura de 23°C, teñen propiedades curativas. Despois subimos cara a Punxín e chegamos a un cruce no que destaca a rehabilitada capela de San Roque, que data do ano 1703. Seguindo atopamos a fachada do Pazo de Forxa finalizando así a nosa ruta.



**Próxima cita:**

**1-2-3-4 Novembro  
Fuente Dé**



**O Carroucho**

[www.carroucho.org](http://www.carroucho.org)